



RESULTANDO: Que en la tramitación del presente expediente se han cumplido las formalidades legales, especialmente cuanto dispone la Ley de Montes en Mano Común, de 27 de julio de 1968, y el Reglamento para su aplicación, de 26 de febrero de 1970, así como lo establecido en la Ley de Procedimiento Administrativo, de 17 de julio de 1958.

VISTOS, los preceptos citados y demás disposiciones de general aplicación.

CONSIDERANDO: Que el Jurado Provincial de Montes en Mano Común tiene jurisdicción y competencia para conocer del presente expediente de clasificación de los montes que tengan tal carácter, a tenor de lo dispuesto en el art.º 10 de la Ley citada y el art.º 10 de su reglamento.

CONSIDERANDO: Que la Administración Forestal es parte legítima para solicitar la iniciación del presente expediente de clasificación de los montes como vecinales en régimen de comunidad germánica o mano común, como así lo reconoce el art.º 11 de la citada Ley de Montes en Mano Común.

CONSIDERANDO: Que el tipo de comunidad germánica que instituye la Ley de Montes en Mano Común, inspirada en el reconocimiento que de esta comunidad ha hecho el Tribunal Supremo, entre otras, en las Sentencias de 22 de diciembre de 1926, 28 de diciembre de 1957, 30 de septiembre de 1958 y muy especialmente en la de 2 de febrero de 1965, tiene como características esenciales las siguientes: 1.ª.- Los condóminos están unidos por vínculos personales de vecindad, agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caserios o barrios; no constituidos formalmente en Entidades Municipales. 2.ª.- Que, por tanto, el número de titulares es variable e indeterminado. 3.ª.- Que el patrimonio colectivo sea utilizado y aprovechado por la cualidad de miembro de la agrupación vecinal, faltando la idea de cuota en el sentido jurídico romano. 4.ª.- Que el patrimonio y la participación es inalienable e intransferible y se pierde al perder la cualidad de vecino. 5.ª.- La comunidad es indisoluble, los comuneros no pueden pedir ni ejercitar la "actio communi dividundo".

**CONSIDERANDO: Que de las actuaciones practicadas, se // desprende sin contradicción alguna, que el monte objeto de este expediente, reúne las condiciones y requisitos que según / el considerando anterior, tipifican la comunidad germánica en mano común.**

EL JURADO PROVINCIAL DE MONTES EN MANO COMUN, a la vista de los antecedentes y fundamentos de derecho expuestos, ACUERDA:

PRIMERO.- Clasificar el monte denominado "MONTE SAN MAMED DE RIOBO" y "FERRADURA", lugar de Ribbóo, Parroquia de // Santa Cruz de Prado, Ayuntamiento de Villar de Barrio, de quinientas cuarenta y cuatro hectáreas, tal y como se describe en la carpeta-ficha elaborado por la Administración Forestal, como monte vecinal en mano común, perteneciente en copropiedad germánica a los vecinos de Riobóo.

SEGUNDO.- Que se proceda a la exclusión del referido monte de cualquier Inventario, Catálogo o Registro público en que pudiera figurar inscrito a favor de cualquier persona o entidad distinta de la comunidad vecinal a la que ahora se asigna su pertenencia.-

TERCERO.- Firme esta resolución, se procederá a revisar el consorcio con Icona y se ordenará la cancelación de las inscripciones registrales.-

Notifíquese esta resolución al Sr. Alcalde, Presidente o Representante de la Comunidad y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., a los que se les hará saber que contra esta resolución pueden interponer el recurso contencioso-administrativo, ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña, en el plazo de DOS MESES, previo el de reposición ante este Jurado Provincial, en el plazo de UN MES, a partir del día siguiente a su notificación.



Handwritten signatures and initials. At the top, there are three distinct signatures. Below them, there are several overlapping and more complex signatures, some appearing to be in ink and others in pencil or lighter ink. The signatures are written over the text of the resolution.

Sr.

Prov *	Munic *	Comunidad Prop. *	N.º monte
OR	98	6.2	1

CLAVE DEL MONTE

3.- ESTADO FISICO

Ref.º Indice	
3.1	<p data-bbox="502 638 1029 683"><b>SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.</b></p> <p data-bbox="494 728 1428 974">Estos montes de RIOBOO estan situados entorno al pueblo y sus fincas particulares, formando término redondeo que queda partido en dos por el valle del rio Arnoya, donde esta emplazado el pueblo.</p> <p data-bbox="486 1019 1404 1198">La parcela del N.E., la más importante, esta formada por lomas y laderas de subida hacia San Mamed, en la cuenca baja del arroyo de Quintela.</p> <p data-bbox="478 1209 1404 1500">La parcela del S.O. esta formada por laderas que desde el valle del Arnoya suben hacia el S.O. hasta la divisoria con el término municipal de Sarreaus según los altos de Ferradura y Tapadina Nova.</p> <p data-bbox="470 1556 1396 2027">Los accesos a estos montes son por la margen izquierda del rio Arnoya, la pista forestal de los tuneles y la nueva carretera a la proyectada presa de Riobóo, ambas enlazadas en Borrán con la carretera de Villar de Barrio a Verín. La parte de San Mamed, en la margen derecha del rio Arnoya tiene acceso por las pistas forestales de San Mamed.</p>

Prov. *	Munic. *	Comunidad Prop. *	N. Monte
OR	90	6.2	1

Ret. \* Lugar

CLAVE DEL MONTE

3.1

El terreno es bastante accidentado, con pendientes uniformes y relativamente fuertes, y altitudes comprendidas entre los 650 y 986 m.

3.2 SUPERFICIE.

En conjunto, 544 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3 LINDEROS.

Los del término vecinal son:

N.- Monte de Parada, monte de Porto y Alemparte, y monte de Arnuid.

E.- Montes de Rebordechao y de Prado.

S.- Término y montes de Arruás.

O.- Término municipal de Sarreaus, monte de Borrán y término y monte de Parada.

3.4 DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

El perímetro de todo el termino vecinal de Riobóo, comprendiendo los montes, las fincas particulares y el mismo pueblo, puede describirse empezando por el extremo N.E. en Chairas de Arriba, donde concurren con este monte los de Arnuid y de Rebordechao. Con este último divide por el E.

Ref. Índice

3.4

CLAVE DEL MONTE

Provincia	Municipio	Comarca (Español)	Parcela
OR	90	6.2	1

en un corto tramo, con el monte de Rebordechao, bajando por la divisoria de aguas hasta Chairas de Abajo; aquí entre el monte de Prado, con el que baja de N. a S. por toda la Loma de Ladeira hasta el río Arnoya por Reza. Desde aquí empieza a dividir por el S. con monte y término de Arruas, con el que cruza en línea recta de E. O. subiendo a Tapadiña Nova, donde están las "tres rayas" de este municipio de Villar de Barrio con los de Laza y de Sarreaus. Dividiendo con este último sigue la mojonera hacia el N.O. hasta Ferradura, donde ya entra por el O. el monte de Borrán, con el que baja de S. a N. por la loma de Ferradura hasta la pista forestal de los tuneles, y de aquí baja por la vaguada de Aguillón, dividiendo con monte y término de Parada hasta el mismo río Arnoya, de donde sube hacia el E. dividiendo con monte de Parada por la loma de Gocemelín hasta un poco más abajo de Raposeiras, donde ya entra por el N. el monte de Porto y Alemparte, con el que sube a Raposeiras y baja por una loma a cruzar el Arroyo de Quintela; después de este empieza a dividir con monte de Arnuid, con el que sube de O. E. por Pedro hasta Chairas de Arriba, donde se comenxó.

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N.* monte
OR	90	6.2	1

Ref.\* Índice


CLAVE DEL MONTE

3.5

OBSERVACION SOBRE LINITE CON FINCAS PARTICULARES

El límite de este monte con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que éstas han invadido terrenos de monte que han sido parceladas. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al monte de referencia.

En caso de que este monte llegara a ser calificado como vecinal en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.



12

OR 90 6.2 1



Na sesión do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, de data vinte e dous de xuño de dous mil catro, vistos os acordos de clasificación como veciñais en man común do montes denominados "San Mamed de Prado y Candas", pertencente aos veciños de Prado, no concello de Vilar de Barrio e "Monte San Mamed de Riobó e Ferradura", pertencente ós veciños de Riobó, no concello de Vilar de Barrio, segundo resolucións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de data ambas do 30 de novembro de 1976 .

Visto o informe-proposta do Servizo de Montes e Industrias Forestais sobre o replanteo e levantamento topográfico da liña que constitúe o límite entre os montes anteriormente citados

Este Xurado de Montes ACORDA a mellora dos acordos e planos de clasificación dos montes veciñais en man común "San Mamed de Prado e Candas" e "Monte San Mamed de Riobó e Ferradura", no que afecta ó límite entre ambos, que queda descrito da forma seguinte:

*Punto 1.- Coñecido coa denominación "Chairas de Abaixo" e coordenadas UTM X=621.178 Y= 4.669.530. Trátase dun pequeno alto sito xunto a unha pista forestal (alto qued o mapa de clasificación identifica como "Chairas de Abaixo"). En dito lugar non existen sinais ou marcas destacables. Neste punto comeza a liña do límite, confluindo aquí os montes veciñais de Prado e de Riobó e o monte veciñal en man común denominado "Monte de San Mamed" pertencente a Rebordechao, no mesmo concello de Vilar de Barrio.*

*Punto 2.- Coñecido coa denominación "Alto de Breto" e coordenadas UTM X= 620.848 Y= 4.669.298. Sitúase nun cruzamento de pistas forestais. En dito lugar non existen sinais ou marcas destacables. O límite establécese pola liña recta que une este punto co anterior.*

*Punto 3.- Coñecido coa denominación "Alto Valigoto" e coordenadas UTM X= 620.602 Y= 4.668.974. Sitúase nun cruzamento de devasas. En dito lugar non existen sinais ou marcas destacables. O límite estableceuse pola liña recta que une este punto co anterior. Dende este punto ata o punto nº 10 a liña límite discorre polo eixe central das devasas existentes.*

*Punto 4.- Coñecido coa denominación "Val do Salgueiro" e coordenadas UTM X= 620.849 Y= 4.668 628. sitúase nun cruzamento de devasas e pista. En dito lugar non existen sinais ou marcas destacables. O límite estableceuse pola liña recta que une este punto co anterior e que discorre polo eixe central da devasa existente.*

*Punto 5.- Sen denominación concreta e coordenadas UTM X= 620.865 Y = 4.668.513. Sitúase no centro da devasa existente. En dito lugar non existen sinais ou marcas destacables. O límite queda establecido pola liña recta que une este punto co anterior e que discorre polo eixe central da devasa existente.*

*Punto 6.- Coñecido coa denominación "A Lagoa" e coordenadas UTM X= 620.981 Y= 4.668.292. Sitúase no centro da devasa existente. En dito lugar non existen sinais ou marcas destacables. O límite queda estableceuse pola liña recta que une este punto co anterior e que discorre polo eixe central da devasa existente.*





Punto 7.- Coñecido coa denominación "A Lamela" e coordenadas UTM X= 621.017 Y= 4.668.109. Sitúase no centro da devasa existente, no cruzamento con outra devasa. En dito lugar non existen sinais ou marcas destacables. O límite estableceuse pola liña recta que une este punto co anterior e que discorre polo eixe dcentral da devasa existente.

Punto 8.- Coñecido coa denominación "Alto da Bidueira" e coordenadas UTM X= 620.733 Y= 4.667.618. Sitúase no centro da devasa existente, na parte alta dun couto. En dito lugar non existen sinais ou marcas destacables. O límite estableceuse pola liña recta que une este punto co anterior e que discorre polo eixe dcentral da devasa existente.

Punto 9.- Coñecido coa denominación "Alto da Ladeira" e coordenadas UTM X= 620.819 Y= 4.667.393. Sitúase no centro da devasa existente. En dito lugar non existen sinais ou marcas destacables. O límite estableceuse pola liña recta que une este punto co anterior e que discorre polo eixe dcentral da devasa existente.

Punto 10.- Sen denominación concreta e coordenadas UTM X= 620.999 Y= 4.667.058. Sitúase no centro da devasa existente no lugar onde acaba dita devasa. En dito lugar non existen sinais ou marcas destacables. O límite estableceuse pola liña recta que une este punto co anterior e que discorre polo eixe dcentral da devasa existente.

Punto 11.- Coñecido coa denominación "Fondo da Ladeira" e coordenadas UTM X= 621.007 Y= 4.666.905. En dito lugar non existen sinais ou marcas destacables, nin se sitúa sobre devasas ou pistas. O límite estableceuse pola liña recta que une este punto co anterior.

Punto 12.- Sen denominación concreta e coordenadas UTM X= 621.060 Y= 4.666.765. En dito lugar non existen sinais ou marcas destacables situándose o punto ao bordo da estrada que une os lugares de Prado e Riobó. O límite estableceuse pola liña recta que une este punto co anterior.


Punto 13.- Sitúase sobre a denominada "Presa de Reza" no río Arnoia con coordenadas UTM X= 621.081 Y= 4.666.704. O límite estableceuse pola liña recta que une este punto co anterior. Neste punto finaliza a liña do límite confluindo aquí os monte veciñais de Prado e Riobó e o monte veciñal en man común denominado "Lomba, Candás e Rebordiño" pertencente a Arrúas no mesmo concello de Vilar de Barrio.

. Dita rectificación non incide no resto do acordo que permanece idéntico.  
Incorpórase plano da mellora en escala 1: 10.000 e que substitúe ao da carpeta-ficha

Ourense, a vinte e dous de xuño de dous mil catro



# Liña de delimitación entre as comunidades veciñais de Prado e Riobó (Concello de vilar de Barrio) M11+M12



Coordenadas UTM



Maio de 2004



Na sesión do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, de data vinte e dous de xuño de dous mil catro, tómase en consideración a acta de data 25 de febreiro de 2004 da conciliación celebrada con acordo, no Xulgado de Paz de Vilar de Barrio, relativa aos lindeiros entre os montes veciñais en man común denominados "Monte San Mamed de Riobó e Ferradura", clasificado o 30 de novembro de 1976 a favor dos veciños de Riobó e "Monte de San Mamed de Porto" clasificado o 30 de novembro de 1976 a favor dos veciños de Porto e Alemparte, ambos no concello de Vilar de Barrio.

Mediante o acordo alcanzado na citada conciliación e a documentación complementaria aportada (certificacións expedidas polos secretarios das comunidades implicadas relativas ás asembleas nas que se adoptou o acordo relativo á modificación de lindeiros e facultouse aos respectivos presidentes para levar a efecto o acto de conciliación), ponse de manifesto a vontade clara dos conciliados - comunidade de Porto e Alemparte - de recoñecemento da pretensión dos conciliantes - comunidade de Riobó - de modificación do lindeiro entre os montes veciñais en man común da súa propiedade, "Monte de San Mamed de Porto" e "Monte San Mamed de Riobó e Ferradura" respectivamente, descrito da forma seguinte:

*"Partindo dende o punto máis ó norte no lugar onde se sitúa a denominada **Presa de Claudino**, e segundo indica o plano adxunto, dirixímonos ata o **Alto das Listas**, (tendo en conta que os terreos próximos o río son de propiedade particular, tal como se detalla no plano en forma de enclavado) e dende aquí continúa o linde pola devasa que baixa ata o río Amoia, fronte o **Val do Cáparo**, tendo en conta que a media ladeira entra o monte de Parada, sendo ese punto onde se frena a discusión dos lindes entre as dúas comunidades de montes."*


Visto o informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais

Tendo en conta que avirse á demanda é unha institución permitida no noso ordenamento xurídico como manifestación de conformidade coa petición contida na mesma que implica o abandono da acción, e a conciliación de alcanzarse acordo, orixina o efecto xurídico material dun convenio análogo á aceptación da demanda.

Procede a execución da acta de conciliación, realizando as correccións necesarias. Incorporárase o plano da conciliación.

Ourense, 22 de xuño de 2004.





• Puntos de Deslinde

- 1.- 619.909; 4.670.843
- 2.- 619.398; 4.669.341
- 3.- 619.373; 4.669.320
- 4.- 619.122; 4.669.164

 Linea de Deslinde

 Enclavados



E: 1/10.000



Na sesión do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, de data vinte e dous de xuño de dous mil catro, tómase en consideración a acta de data 25 de febreiro de 2004 da conciliación celebrada con acordo, no Xulgado de Paz de Villar de Barrio, relativa aos lindeiros entre os montes veciñais en man común denominados "Monte San Mamed de Riobó e Ferradura", clasificado o 30 de novembro de 1976 a favor dos veciños de Riobó e "Monte de San Mamed e Medo" clasificado o 30 de novembro de 1976 a favor dos veciños Arnúide ambos no concello de Vilar de Barrio.

Mediante o acordo alcanzado na citada conciliación e a documentación complementaria aportada (certificacións expedidas polos secretarios das comunidades implicadas relativas ás asembleas nas que se adoptou o acordo relativo á modificación de lindeiros e facultouse ós respectivos presidentes para levar a efecto o acto de conciliación),ponse de manifesto a vontade clara dos conciliados - comunidade de Arnúide - de recoñecemento da pretensión dos conciliantes - comunidade de Riobó - de modificación do lindeiro entre os montes veciñais en man común da súa propiedade, "Monte de San Mamed e Medo" e "Monte San Mamed de Riobó e Ferradura" respectivamente, descrito da forma seguinte:

*"Partindo dende a parte máis ó este no lugar onde se sitúa a paraxe denominada **Chairos d Arriba** e segundo indica o plano adxunto, tomamos dirección oeste por unha devasa abandonada ata chegar á nova devasa que baixa dirección suroeste polas **Seariñas**, ata cruzar ca pista que vai a **Pedro** sendo esta a dirección que toma ata chegar ó lombo de **Pedro** tal como se amosa no plano adxunto, para despois baixar pola devasa deste lombo ata a **Presa do Claudino**".*

Visto o informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais


Tendo en conta que avirse á demanda é unha institución permitida no noso ordenamento xurídico como manifestación de conformidade coa petición contida na mesma que implica o abandono da acción, e a conciliación de alcanzarse acordo, orixina o efecto xurídico material dun convenio análogo á aceptación da demanda.

Procede a execución da acta de conciliación, realizando as correccións necesarias. Incorporábase o plano da conciliación.


Ourense, 22 de xuño de 2004.



Two handwritten signatures are present below the stamp. The signature on the right is more prominent and appears to be the official signature of the representative.



- **Puntos de Deslinde**
- 1.- 619.909; 4.670.843
- 2.- 619.970; 4.670.755
- 3.- 620.038; 4.670.749
- 4.- 620.168; 4.670.740
- 5.- 620.408; 4.670.360
- 6.- 620.812; 4.670.636
- 7.- 620.841; 4.670.650
- 8.- 621.059; 4.670.624

 **Linha de Deslinde**



**Plano do Acto Conciliatorio entre as CMVMC de Riobó e Arnuido**

E: 1/5.000



11674112

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
Delegación Provincial de Ourense  
Servicio Técnico Xurídico

Na sesión do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, de data vinte e dous de xuño de dous mil catro, tómasse en consideración a acta de data 25 de febreiro de 2004 da conciliación celebrada con acordo, no Xulgado de Paz de Vilar de Barrio, relativa ós lindeiros entre os montes veciñais en man común denominados "Ferradura e Pedreira", clasificado o 30 de novembro de 1976 a favor dos veciños de Borrán e "Monte San Mamed de Riobó e Ferradura" clasificado o 30 de novembro de 1976 a favor dos veciños Riobó, ambos no concello de Vilar de Barrio.

Mediante o acordo alcanzado na citada conciliación e a documentación complementaria aportada (certificacións expedidas polos secretarios das comunidades implicadas relativas ás asembleas nas que se adoptou o acordo relativo á modificación de lindeiros e facultouse aos respectivos presidentes para levar a efecto o acto de conciliación),ponse de manifesto a vontade clara dos conciliados - comunidade de Riobó - de recoñecemento da pretensión dos conciliantes - comunidade de Borrán - de modificación do lindeiro entre os montes veciñais en man común da súa propiedade, "Monte San Mamed de Riobó e Ferradura" e "Ferradura e Pedreira" respectivamente, descrito da forma seguinte:

*"Empezando dende a parte máis ó sur no **Alto de Agullón** (no límite dos concellos de Sarreaus e Vilar de Barrio) e segundo indica o plano adxunto descende o linde en dirección norte polo **Lombo de Ferradura** aproveitando a devasa ata chegar ás propiedades particulares (**Lameiros das Millaras**) no lugar onde se unen o Regueiro de Agullón e o río Amoia".*

Visto o informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais

Tendo en conta que avirse á demanda é unha institución permitida no noso ordenamento xurídico como manifestación de conformidade coa petición contida na mesma que implica o abandono da acción, e a conciliación de alcanzarse acordo, orixina o efecto xurídico material dun convenio análogo á aceptación da demanda.

Procede a execución da acta de conciliación, realizando as correccións necesarias. Incorporárase plano do límite conciliado coas coordenadas U.T.M.

Ourense, a 22 de xuño de 2004.



CONCILIACIÓN DOS LÍMITES ENTRE  
MVMC DE 'FERRADURA E PEDREIRA'  
(BORRÁN) E MVMC DE 'SAN MAMED DE  
RIOBÓ E FERRADURA' (RIOBÓ)

VÉRTICES DA POLIGONAL

1	618628.4	4667607.2
2	618701.2	4667675.6
3	618693.9	4667810.3
4	618656.3	4667926.7
5	618648.4	4667998.0
6	618631.1	4668079.6
7	618646.4	4668306.3
8	618658.1	4668362.0
9	618667.7	4668385.3
10	618655.5	4668392.5
11	618624.7	4668385.1
12	618586.5	4668359.6
13	618562.4	4668356.3
14	618539.6	4668369.0
15	618528.9	4668386.4
16	618527.6	4668433.3
17	618520.9	4668456.1
18	618490.8	4668470.8
19	618462.0	4668474.1
20	618427.7	4668478.8
21	618402.4	4668485.5
22	618301.6	4668519.7
23	618250.7	4668395.1
24	618234.5	4668371.3


 *Vértices da poligonal*

 *Limite conciliación*

*Liña de peche do conciliado co  
existente na clasificación*

 *Borrán*

 *Riobó*





**Iván Rodríguez Jiménez**, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **11 de decembro de 2023** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**V.-** Solicitud de deslinde entre o MVMC "Monte de San Mamede de Riobó e Ferradura", pertencente aos veciños de Riobó, co MVMC "Lomba, Candás e Rebordiña", pertencente aos veciños de Arruás, no concello de Vilar de Barrio.

O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense de data 30 de marzo de 2023 fai constar que a documentación achegada corresponde deslindamento do perímetro estremeiro entre o MVMC Monte de San Mamede de Riobó e Ferradura, pertencente á CMMVVMC de Riobó, e o MVMC Lomba, Candás e Rebordiña, pertencente á CMMVVMC de Arruás, dende o vértice 1 (o situado máis ao O, e identificado como Tapadiña Nova) ata o vértice 6 (o situado máis ao E, e identificado como Presa de Reza).

Logo de analizar os vértices e a súa localización, conclúese que o punto inicial 1 debe ter a consideración de punto auxiliar.

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial a súa aprobación entre o punto 2 e maila Presa de Reza, definida esta última polo punto de coordenadas X: 620956,28; Y: 4666489,01, e tendo o vértice 1 a consideración de punto auxiliar que permite definir a dirección da liña no tramo inicial.

De acordo co citado informe, o Xurado acordou a aprobación da solicitude de deslinde.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro



**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 21 de decembro de 2023, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 20 de decembro de 2023, relativa á solicitude de deslindamento formulada polos representantes dos montes veciñais en man común Monte de San Mamede de Riobó e Ferradura, e Lomba, Candás e Rebordiña, no concello de Vilar de Barrio.*

Examinada a solicitude de deslindamento formulada polos representantes do monte veciñal en man común (MVMC) Monte de San Mamede de Riobó e Ferradura, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Riobó, e Lomba, Candás e Rebordiña, pertencente á CMVMC de Arruás, no concello de Vilar de Barrio, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 29.9.2022, a CMVMC de Riobó presentou un escrito (Rexel 2022/2348628) en que solicita a aprobación dun deslindamento coa CMVMC de Arruás.

Coa solicitude achegaron a seguinte documentación:

- Acta de deslindamento.
- Certificacións dos acordos das respectivas asembleas xerais.
- Memoria e planos.
- Solicitude de conciliación.

Segundo. Posteriormente, o 7.10.2022, a dita comunidade presentou un escrito de mellora voluntaria (Rexel 2022/2474504) co que achegaba a correspondente acta de conciliación elaborada o 7.10.2022 no Xulgado de Paz de Vilar de Barrio.

Terceiro. O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense, do 30 de marzo de 2023, fai constar que a documentación achegada corresponde ao deslindamen-



to do perímetro estremeiro entre o MVMC Monte de San Mamede de Riobó e Ferradura, pertencente á CMVMC de Riobó, e o MVMC Lomba, Candás e Rebordiña, pertencente á CMVMC de Arruás, desde o vértice 1 (o situado máis ao O, e identificado como Tapadiña Nova) ata o vértice 6 (o situado máis ao E, e identificado como Presa de Reza).

Logo de analizar os vértices e a súa localización, conclúese que o punto inicial 1 debe ter a consideración de punto auxiliar; isto débese a que o dito vértice non se sitúa sobre a liña intermunicipal actualmente vixente no MTN do IGN, nin tampouco sobre un punto singular ou que conte coa avinza das outras comunidades citadas e que permita concluír inequivocamente que non se está a invadir o termo municipal de Laza nin o de Sarreaus. Pola contra, a adopción do dito punto implicaría crear unha nova raia ou referencia no plano, distinta tanto da liña de termo do IGN coma da liña perimetral procedente da dixitalización das carpetas-ficha, e que achegaría máis dúbidas e inseguridade no relativo á definición, nesa estrema común, dos montes obxecto de deslindamento e mais os xa indicados de Laza e Sarreaus.

Xa que logo, fíxase o punto 1 como referencia para determinar a dirección da liña antes de chegar ao primeiro punto do deslindamento como tal, que sería o 2.

Por outra banda, o punto final da liña, situado na chamada Presa de Reza, marca tamén a confluencia de Riobó e de Arruás coa comunidade de Prado. A este respecto, a dita presa xa fora anteriormente avinzada polas comunidades de Prado e Riobó para precisar o extremo meridional da súa veciñanza, ben que se utilizara como referencia un punto situado uns 13 m ao O do vértice 6 conciliado agora polas comunidades de Riobó e Arruás. En consecuencia, por razóns de coherencia e seguridade xurídica, considérase lóxico e procedente fixar como vértice final do deslindamento Riobó-Arruás o punto 13 (Presa de Reza) da avinza Prado-Riobó, situado nas coordenadas UTM (ETRS89) X: 620956,28; Y: 4666489,01.

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial a súa aprobación entre o punto 2 e mais a Presa de Reza, definida esta última polo punto de coordenadas X: 620956,28; Y: 4666489,01, e tendo o vértice 1 a consideración de punto auxiliar que permite definir a dirección da liña no tramo inicial.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A presente resolución dítase ao abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado



polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que se deberá seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do 30 de marzo de 2023, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común acordou, por unanimidade, o día 11 de decembro de 2023:



Aprobar o acto de conciliación acadado polas xuntas reitoras dos MVMC Monte de San Mamede de Riobó e Ferradura, pertencente á CMVMC de Riobó, e o MVMC Lomba, Candas e Rebordiña, pertencente á CMVMC de Arruás, no concello de Vilar de Barrio.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 21 de decembro de 2023

Luis Jorge Álvarez Ferro  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense





**Lenda**

- Puntos do deslinde
- Deslinde CMVMC de Riojó con Arruás

<b>AXUDAS PARA O IMPULSO DA BOA GOBERNANZA. DESLINDAMENTOS PARCIAIS ENTRE CMVMC</b>	
PROPIEDAD: <b>COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE RIOJÓ Y FERRADURA</b>	
LOCALIZACIÓN: <b>Riojó. Vilar de Barrio. OURENSE.</b>	
Sigpac: <b>2021</b>	PLANO Nº: <b>1</b>
<b>"PLANO DE DETALLE"</b>	
TÉCNICO/A REDACTORA: Antonio Soliño Vaquero Enx. Tec. FORESTAL 462	O/A TÉCNICO/A REDACTORA: SOLIÑO VAQUERO ANTONIO - 53113600E Firmado digitalmente por SOLIÑO VAQUERO ANTONIO - 53113600E
ESCALA: <b>1/12.000</b>	DATA: <b>14/09/20202</b>
	

619000

620000

621000


Número	X_Coord	Y_Coord
marco 1	618905,85	4666335,09
marco 2	619385,1	4666398,71
marco 3	619575,44	4666418,06
marco 4	619852,46	4666424,48
marco 5	620327,25	4666323,95
Presa de Reza	620969,19	4666487,93

4667000

4667000

4666000


4666000



619000

620000

621000



### Lenda

- Puntos do deslinde
- Deslinde CMVMC de Riobo con Arruas

### AXUDAS PARA O IMPULSO DA BOA GOBERNANZA. DESLINDAMENTOS PARCIAIS ENTRE CMVMC

PROPIEDAD: **COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE RIOBO Y FERRADURA**

LOCALIZACIÓN: **Riobo. Vilar de Barrio. OURENSE.**

Sigpac: **2021** PLANO Nº: **1** "PLANO DE DETALLE"

TÉCNICO/A REDACTOR/A:  
Antonio Soliño Vaquero  
Enx. Tec. FORESTAL 462

O/A TÉCNICO/A  
REDACTOR/A

ESCALA: **1/12.000**

DATA: **14/09/20202**

SOLIÑO  
Fdo. VAQUERO  
ANTONIO

Firmado digitalmente por SOLIÑO VAQUERO ANTONIO - 53113600E  
agresta

53113600E 14/09/2020 14:56:00 +02:00